

## ACTA Nº 12/10

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2010

#### Asistentes:

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 22 de marzo de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Non se traen borradores de actas para a súa aprobación.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que na resolución núm. 157/10, de 22 de marzo, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para a cesión de uso dun local propiedade do Concello na Unidade de Xestión UG-5, de 33,00 m<sup>2</sup>, no que se ubica o centro de transformación subterráneo, a Unión Fenosa Distribución. A avocación motivouse pola urxencia debido á falta de subministro de luz e auga dos veciños afectados.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 155/2008 – D. PEDRO FERNÁNDEZ PAZÓ e D.<sup>a</sup> MARÍA OLGA IGLESIAS OTERO** presentan proxecto básico de reforma e ampliación de vivenda, no barrio de Abelendo nº 29, Moaña, redactado polo Estudo de Arquitectura, C.B. Oliveira, Juncal y Fernández, visado na data 04.06.08, e presentan tamén proxecto de legalización de planta primeira en vivenda unifamiliar, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., visado o 12.02.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 15 de marzo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA CON PRESENTACIÓN DE PROXECTO DE LEGALIZACIÓN R.E. Nº 1300 DE 22/02/2010.  
EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN D LEGALIDADE 27/09

**INFORME: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística..**

Proxecto de legalización visado polo COAG o 12/02/2010 que complementa ao proxecto inicialmente aportado pola propiedade; documentación sobre a cal se debe outorgar a licenza.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións de sobrantes á vía pública e fianza para sufragar os custos de urbanización suscrita polo arquitecto técnico municipal con data 16 de xuño de 2008 para Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Cédense 36,00 m2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe de 538,19 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela segundo medición técnica ascende a 287,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

A presente licenza legaliza as obras denunciadas no expediente de reposición da legalidade 27/2009.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado á Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.364,94 €
Taxas licenza urbanística.....	121,87 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**3.B) EXPTE. 16/2010 – D. JORGE SANTOMÉ MARTÍNEZ** presenta memoria descritiva de execución de piscina ao aire libre na Marrúa s/n, no eido dunha vivenda xa existente, redactada polo Estudo de Arquitectura AR.UR.MO e visada o 18 de febreiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 15 de marzo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PISCINA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza de acordo co proxecto presentado**

Non require informes sectoriais.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	259,01€
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

#### **4.-PECHE**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 08/10, D. MANUEL PAZOS ABAL** presenta memoria descritiva para muro de cerramento de propiedade a base de bloques de formigón tipo “split”, cunha altura de 2 m. cun total de 46,60 ml. para realizar no Casal nº 157.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 17 de marzo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO (OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Non require informes sectoriais.

A altura máxima a partir da rasante será de 2,00 metros.

Altura máxima a partir da rasante do terreo será de 2,00 metros.

O enteste do cerramento coa vía pública distará catro metros do eixo da mesma.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	53,20 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

#### **5.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE**

**EXPTE. 25/2010 – D<sup>a</sup> CRISTINA MARTÍNEZ CALVAR** presenta proxecto de acondicionamento de local comercial para a venda e degustación de produtos de Panadería e Pastelería, na rúa As Barxas nº 10, local nº 13, do barrio do Redondo, redactado pola enxeñeira técnica industrial D.<sup>a</sup> Ana María Cruz Carro, visado o 11.03.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 15 de marzo de 2010, que literalmente di:

**Asunto:** ADAPTACIÓN DE LOCAL ASOCIADO A UNHA ACTIVIDADE CLASIFICADA DESTINADA A APERTURA DE VENDA E DEGUSTACIÓN DE PRODUCTOS DE PANADERÍA E PASTELERÍA.

**INFORME:**

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmoible se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto duna soa resolución, sen perxucio da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Dado a inexistencia de informes sectoriais de outras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenza de apertura.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/ construcións.....	249,61 €
Taxa licenza urbanística .....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 25/10 en tanto non se remate o trámite da licenza de apertura.**

**6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA no que solicita que o Concello estableza, de ser o caso, o oportuno condicionado á solicitude de Unión Fenosa Distribución S.A. para a instalación de LMTA, LMTS, CT e RBT PARADELA, nº expediente: IN407A 20097512-4, para o que achega separata do proxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de marzo de 2010, que literalmente di:

Ante a petición formulada pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, Delegación Territorial de Pontevedra relativa a LMTA, LMTS, CT E RTB PARADADEL, N° DE EXPEDIENTE: IN407A 2009/512-4 promovida por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. este Concello non opón considerando algún á presente instalación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.**

## **7.- PROPOSTAS DE GASTOS DE SERVIZOS SOCIAIS**

### **7.A) PROGRAMA DIURNO DE CARÁCTER LÚDICO PARA BALNEARIOS – DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2010**

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 16 de marzo de 2010, conformado pola concelleira de servizos sociais, sobre o programa diurno Balnearios 2010 da Deputación de Pontevedra, no que indica que se publicaron no BOP as bases para participar no Programa Diurno de carácter lúdico para este ano 2010 da Deputación provincial de Pontevedra, para persoas maiores de 50 anos e que os concellos interesados deberán enviar á Deputación o acordo de adherirse ao Programa. Ademais, informa que a contía que terá que abonar o Concello por praza é de 32 euros. Propón:

*1.- Aprobar a adhesión o programa lúdico de balnearios diurno coa reserva das 150 prazas distribuídas en 75 prazas para a campaña de primaveira e 75 para a campaña de outono.*

*2.- Aprobar o gasto de 4.800 euros, gasto a imputar á partida orzamentaria de servizos sociais.*

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado a 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 2310-22620.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así **aprobar a adhesión ao programa lúdico de balnearios diurno** 2010 da Deputación de Pontevedra, coa reserva de 150 prazas distribuídas en 75 prazas para a campaña de primaveira e 75 para a campaña de outono, e aprobar o gasto de 4.800 euros con cargo á partida 2310 22620 RC 342..

### **7.B) PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2010**

Visto o do programa “Vacacións en Paz 2010” remitida pola asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai, as súas condicións e os compromisos que conleva para o Concello,

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 15 de febreiro de 2010, conformado pola concelleira de Servizos Sociais sobre a colaboración co programa **Vacacións en Paz 2010** de Solidaridade Galega co Pobo Saharai, no que indica que o Concello, ademais de sufragar os gastos de ida e volta dun grupo de nenos saharauis (4.140 euros para que poidan viaxar 6 nenos/as -690 euros/neno-a), deberá seleccionar ás familiar acolledoras, facer un seguimento da estancia dos nenos, facerse cargo do desprazamento dos nenos/as a Santiago e, posteriormente, realizar unha avalización do programa.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 prorrogado a 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 2310-22620, RC 343.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda.

Primeiro: Aprobar as condicións do programa “Vacacións en Paz 2010”.

Segundo: Autorizar e dispoñer o gasto por un importe de 5.040 € pola programación de Vacacións en Paz 2009, con cargo a partida 2310-22620, RC 343, no que se inclúe a contribución da contía de 4.140 euros a favor de Solidaridade Galega co pobo saharai que se transferirá á c/c 2080-0409-20-0040113233, o desprazameto dos nenos a Santiago con Autocares Benito García por 300 €.

Terceiro: Tramitar o pagamento dos agasallos para a recepción dos nenos/as no Concello mediante un pagamento a xustificar por importe de 600 euros liberados a nome da animadora sociocultural, D.<sup>a</sup> María Elena García Lorenzo, con cargo á devandita partida e RC.

## **8.- PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2010**

Visto o informe da técnica de emprego do 8 de marzo de 2010, que di:

O pasado 1 de marzo publicouse no DOG a Orde de 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2010. As principais características do programa para este ano son as seguintes:

- **Obxecto:** O obxecto do programa é o fomento do emprego mediante a subvención da contratación a entidades locais, ou dependentes ou vinculadas á administración local, de

traballadores desempregados inscritos como demandantes de emprego e mulleres vítimas de violencia doméstica, para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.

- **Contía da subvención:** A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias para a contratación de traballadores será a necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á seguridade social, establecidos segundo o convenio colectivo que resulte de aplicación na contratación dos traballadores. Non se subvencionan as indemnizacións por cese nin os pluses ou primas extrasalariais.

- **Retribución dos traballadores:** A retribución a percibir polos traballadores será a que estableza para cada categoría profesional o convenio colectivo que resulte de aplicación.

- **Criterios de valoración dos proxectos:** O procedemento de concesión de axudas será o de concorrencia competitiva, tendo preferencia os proxectos que:

a) Se axusten ás características das persoas demandantes de emprego do territorio e teñan en conta, se é o caso, as súas necesidades de cara á inserción laboral. Debe entregarse xunto coa solicitude memoria explicativa deste punto.

b) A elaboración do seu contido e posterior desenvolvemento contén coa participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio.

c) Se realicen preferentemente en actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego:

- Servizos de utilidade colectiva; mellora da vivenda, vixilancia e seguridade, revalorización de espazos públicos urbanos, transportes colectivos, comercios de proximidade, actividades que afecten a xestión de residuos, xestión de augas, protección e mantemento de zonas naturais, así como aquelas que incidan, directa ou indirectamente, no control da enerxía.

- Servizos de ocio ou culturais; promoción do turismo, desenvolvemento cultural local, promoción do deporte e sector audiovisual.

- Servizos personalizados de carácter cotián; coidado de nenos e nenas, prestación de axuda a domicilio a persoas con discapacidade ou maiores, axuda a familias e mozos en dificultade e/ou con desarraigamento social.

d) Establezan servizos dirixidos ás persoas xoves e ás mulleres.

e) Teñan por obxecto o establecemento ou desenvolvemento de bancos municipais de tempo ou medidas de conciliación similares.

f) Vaian dirixidos á contratación de traballadores desempregados pertencentes a colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

g) Proxectos que na súa realización permitan e apoiem a creación permanente de maior número de postos de traballo estables.

h) Proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores á entidade local á finalización do proxecto ou calquera outra fórmula de previsión para a inserción laboral.

i) Proxectos que contén, se é o caso, co financiamento das entidades solicitantes para realizar accións complementarias que melloren a eficacia deste programa.

j) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos.

- **Selección dos traballadores:** Unha vez concedida a subvención, de cara á selección dos traballadores, é necesario presentar unha oferta de emprego ante a oficina de emprego por cada categoría a contratar, indicando os requisitos e características que deben reunir os candidatos. **En ningún caso poderá incluírse a esixencia de experiencia laboral previa.** A oficina de emprego debe remitir polo menos dous candidatos por posto de traballo a cubrir, correspondendo á entidade promotora a selección final de entre os candidatos enviados, pero outorgando preferencia en todo caso ós colectivos prioritarios e con especiais dificultades de inserción laboral establecidos no artigo 12.4 da Orde reguladora:

- a) Mulleres, en especial vítimas de violencia.
- b) Menores de 30 anos, en especial, demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación.
- c) Persoas con discapacidade.
- d) Desempregados de longa duración.
- e) Desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- f) Desempregados maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social

- **Contratación dos traballadores;** Os traballadores deberán ser contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social.

Como novidade, este ano o programa incorpora a posibilidade de **contratación anticipada;** Unha vez presentada solicitude de subvención, e indicando esta intención na mesma, **podéranse contratar un máximo de 2 traballadores antes de ter resolución de subvención, pero previa autorización** da Consellería de traballo e Benestar. A selección e contratación de desempregados neste caso deberá respectar o previsto con carácter xeral.

- **Xustificación e pagamento:** Unha vez contratados os traballadores e iniciadas as obras e servizos debe enviarse á Consellería no prazo indicado na resolución de subvención xustificación de inicio, acompañada dos contratos e altas na seguridade social dos traballadores contratados e dunha fotografía do cartel informativo da obra, realizado en modelo oficial. Recibida a xustificación de inicio a Consellería procederá a aboar ás entidades beneficiarias o 100% da subvención concedida.

- **Prazo: O prazo de presentación de solicitudes** dos Programas de Cooperación Local remata o 2 de abril de 2010.

Vista a proposta da Alcaldía do 10 de marzo de 2010, que literalmente di:

Á vista da Orde do 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2010, faise necesario determinar para qué proxectos vai solicitar subvención con cargo a estes programas o Concello de Moaña.

Polo anterior, **PROPOÑO:**



**Que dentro das subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, o Concello de Moaña solicite á Consellería de Traballo subvención para a contratación de 60 traballadores desempregados** para a realización das obras e servizos; Conservación de edificios públicos, Conservación da rede viaria, Mantemento de zonas verdes, Conservación e rexeneración ambiental, Programa de salvamento en praias, Programa de atención a bibliotecas e comedores, Reforzo de servizos socioculturais, Reforzo de servizos técnicos e administrativos, Programa de dinamización turística.

O número de traballadores por obra ou servizo e a subvención a solicitar polos mesmos, de acordo cos vixentes convenios colectivos do sector da construción, de oficinas e despachos e de instalacións deportivas e ximnasios expóñense a continuación:

1. Conservación de edificios públicos. (convenio construción)

7 traballadores: 1 of. 1ª fontaneiro, 1 of. 1ª carpinteiro , 2 of. 1ª albaneis e 3 peóns servizos múltiples.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: mantemento e reparación de edificios públicos (casa consistorial, bibliotecas, pavillóns de deportes, colexios...)

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
147.500,04	14.632,68

2. Conservación da rede viaria. (convenio construción)

7 traballadores: 2 of. 1ª albaneis, 2 of. 1ª canteiros e 3 peóns de servizos múltiples.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: mantemento e reparación da rede viaria municipal, camiños públicos, prazas públicas, paseos...

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
147.500,04	14.632,68

3. Mantemento de zonas verdes. (convenio construción)

7 traballadores: 2 oficiais 1ª xardineiros e 5 peóns xardineiros.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Recuperación e mantemento de parques públicos e zonas verdes urbanas.

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO

144.169,32	14.463,48
------------	-----------

4. Conservación e rexeneración ambiental. (convenio construción)

9 traballadores: 1 técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, 1 técnico medio en traballos forestais, 4 peóns forestais e 3 peóns de servizos múltiples.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Recuperación e mantemento de rutas de sendeirismo, zonas naturais e contornos dos ríos, así como limpeza e mantemento das praias e dos seus contornos.

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
183.821,64	18.517,68

5. Programa de salvamento en praias (convenio instalacións deportivas).

8 traballadores: 4 socorristas e 4 patróns de embarcación.

Duración dos contratos: 4 meses.

Obras ou servizos a realizar: socorrismo e vixilancia de praias.

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
35.722,24	1.642,58

6. Programa de atención a bibliotecas e comedores. (convenio oficinas e despachos)

7 traballadores: 7 técnicos superiores en educación infantil.

Duración dos contratos: 10 meses.

Obras ou servizos a realizar: Atención das bibliotecas públicas e comedores escolares.

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
103.068,00	1.733,97

7. Reforzo de servizos socioculturais. (convenio oficinas e despachos)

4 traballadores: 1 técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas, 1 técnico superior en animación sociocultural (animación cultural), 1 técnico superior en animación sociocultural (animación xuvenil) e 1 técnico superior en integración social (monitor ludoteca).

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Organización de actividades para a xuventude concertos, campamentos, eventos culturais, eventos deportivos, axuda na casa da xuventude e axuda na ludoteca municipal....

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
70.675,20	1.189,01

8. Reforzo de servizos técnicos e administrativos. (convenio oficinas e despachos)

8 traballadores: 1 técnico superior en desenvolvemento de proxectos de construción, 2 técnicos superiores en administración e finanzas, 3 técnicos medios en xestión administrativa e 2 conserxes.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Reforzo dos departamentos de urbanismo, secretaría, rexistro, persoal e alcaldía.

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
127.837,56	2.161,27

9. Programa de dinamización turística. (convenio oficinas e despachos)

3 traballadores: 1 técnico superior en administración de sistemas informáticos, 2 técnicos superiores en información turística.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Planificación e xestión de recursos turísticos, deseño de campañas, información turística.

<b>CUSTOS SALARIAIS</b>	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
52.746,84	891,76

Visto o escrito do interventor de data 18 de marzo de 2010, no que fai constar que existe consignación orzamentaria en situación de dispoñible para atender os gastos imputables a este exercicio que se derivan da proposta de solicitude de subvencións á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia para a contratación de persoal no marco do programa de cooperación local ano 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía para solicitar á Consellería de Traballo subvención para a contratación de 60 traballadores/as desempregados/as, nos seus xustos termos.

**9.- BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL. 2010.**

Vista a proposta de bases que rexerán a conformación dun listado para proceder á contratación temporal de auxiliares da Policía local de Moaña, que di:

## **BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DA POLICIA LOCAL DE MOAÑA. 2010**

### **1.-OBJECTO.**

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para a contratación de auxiliares de Policía Local para actuar como reforzo de carácter temporal por necesidades de servizo nos termos fixados polo art. 95 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais de Galicia.

A contratación dos aspirantes realizarase a medida que xurdan tales necesidades, pola orde de puntuación total obtida nas probas. No intre en que sexa necesaria a contratación dun auxiliar, terase en conta a puntuación acadada. Os contratos a realizar terán unha duración máxima de seis meses.

A relación ordenada de aprobados deixará de ter vixencia con data 31 de decembro de 2010, decaendo calquera dereito que pola participación neste proceso puidera corresponder aos aprobados.

### **2.-CONDICIÓNS E REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte na convocatoria serán requisitos indispensables:

- Ser español ou cidadán dun país membro da Unión Europea (acreditarse mediante fotocopia compulsada do DNI).
- Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder de 58 anos, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.
- Estar en posesión do título de graduado en E.S.O., ou equivalente, ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se acreditará mediante presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Non ter sido condenado por delito doloso. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. Non atoparse incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a lexislación vixente. O cumprimento destes requisitos acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.
- Ser titular do Permiso de conducir da clase B (xustificarse con fotocopia compulsada).
- Acreditar, mediante certificado médico, non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou dificulte o desenvolvemento das funcións propias dun auxiliar da policía.
- Ter unha estatura mínima de 1,65 metros, para os homes e de 1,60 metros para as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.
- Todos estes requisitos deberán acreditarse na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

### **3.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As instancias deberán presentarse no rexistro xeral, e estarán dirixidas ó alcalde do Concello de Moaña. O prazo de presentación de instancias comezará a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de anuncios do Concello e nun diario de máxima tiraxe, e rematará o día 9 de abril de 2010

As instancias tamén poderán presentarse nas demais formas legalmente admitidas, segundo dispón o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coas instancias, os aspirantes deberán achegar todos os documentos que xustifiquen que posúen os requisitos necesarios que se establecen na base segunda.

#### **4.-RELACIÓN DE ADMITIDOS E DE EXCLUÍDOS.**

O día 14 de abril de 2010 publicarase, no taboleiro de anuncios do Concello, a lista provisional de admitidos, e a relación de excluídos, xunto coa causa da súa exclusión. Existirá un prazo de tres días, a contar dende o día seguinte ao da publicación da mentada relación, para que os aspirantes excluídos poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

O día 19 de abril de 2010 exporase ao público, no taboleiro, a lista definitiva de admitidos e excluídos, indicándose ademais as datas en que se van a realizar as diferentes probas.

#### **5.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Será designado polo alcalde do Concello de Moaña, e estará constituído por cinco membros titulares e cinco suplentes. Deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría da que se trate. A súa composición será a seguinte:

Presidente: o Inspector-Xefe da Policía Local de Moaña.

Secretario: o secretario da Corporación, ou outro funcionario con habilitación estatal.

Vogais (tres): un membro técnico na materia, proposto polo alcalde; un membro proposto polo Comité de persoal do Concello; un policía local alleo ao cadro de persoal do Concello proposto polo alcalde.

O tribunal cualificador poderá designar como asesores a un monitor deportivo para o control das probas físicas.

#### **6.- PROBAS SELECTIVAS.**

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación.

**1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.** Estas probas serán eliminatorias non podendo acceder á seguinte fase aquel aspirante que non as supere.

1.1.-Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

1.2.-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

**1.2.1. Potencia tren inferior: salto vertical.**

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun

brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro. A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

#### 1.2.2.- Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4,30'	5,00'	5,15'
Mulleres	5,00'	5,30'	5,45'

### **2. Proba de coñecementos.**

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F/3)/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

**3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.** O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de

cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

#### **4. Coñecemento da lingua galega.**

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

#### **7.-TEMARIO.**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

#### **8.- ELABORACIÓN DA LISTAXE.**

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborarase unha listaxe dos que superaron as probas baseándose na súa puntuación e por orde decrecente.

A lista provisional, coas puntuacións dos aspirantes, exporase ó público no taboleiro de anuncios do Concello, durante **cinco días**. Neste prazo, os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a defensa dos seus intereses. Será o tribunal cualificador quen resolva as alegacións presentadas.

Unha vez resoltas as alegacións polo tribunal, o Departamento de persoal elaborará unha nova listado co nome e apelidos dos aspirantes e as súas puntuacións. Esta listaxe, someterase á aprobación pola Xunta de Goberno Local, e cando sexa aprobada terá a condición de definitivo. Posteriormente, exporase no taboleiro de anuncios do Concello para coñecemento de todos os interesados.

Os aspirantes que superaron as probas contrataranse, pola orde de puntuación (de maior a menor), a medida que o demanden as necesidades de servizo, de acordo co art. 95 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación das Policía Local de Galicia.

### **9. CURSO DE FORMACIÓN.**

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano, correndo á súa custa os gastos derivados. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

#### **CALENDARIO DE PROBAS DE SELECCIÓN:**

- 22 de marzo: Aprobación das bases pola Xunta de Goberno Local
- 24 de marzo: Publicación das bases.
- 25 de marzo a 9 de abril: Presentación de instancias.
- 14 de abril: Publicación da lista provisional de admitidos e excluídos e inicio do período de reclamacións.
- 19 de abril: Publicacións de lista definitiva de admitidos e excluídos, e publicación do calendario das probas.
- 26 de abril: Publicación da lista provisional de resultados e inicio de fase de alegacións.
- 3 de maio: Aprobación pola Xunta de Goberno Local da listaxe definitiva dos resultados das probas.

Visto o informe do secretario municipal do 18 de marzo de 2010, que indica que debe determinarse previamente o número de contratacións que se leven a cabo, que nunca poden superar o 50% do persoal de policía local previsto no Concello e que a duración máxima da contratación en cómputo anual será de catro, excepcionalmente e previa autorización será de seis meses,

Visto o informe favorable do interventor municipal de data 22 de marzo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases que rexerán a selección para a confección dunha lista para a contratación temporal de auxiliares da Policía Local de Moaña..

### **10.- CERTIFICACIÓN Nº 6 DA OBRA MODIFICADO REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 6 da obra MODIFICADO REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA, presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. de data 28 de febreiro de 2010, asinada polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel.



Visto o informe do interventor municipal de data 22 de marzo de 2010, no que emite informe de reparo ao recoñecemento da obriga da certificación nº 6 e da factura 20/10 correspondente a ela pola falta de parte da documentación esixida nos pregos; indica, tamén, que dita documentación debe incorporarse ao expediente antes de que se produza o pagamento material, senón debe entenderse emitido tamén reparo a este.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 22 de marzo de 2010, por entender que as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 6 da obra *Modificado Reforma do paseo marítimo da Praia*, de data 28 de febreiro de 2010, polo importe de 82.212,38 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 20/10, do 28 de febreiro de 2010, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.. polo importe de 82.212,38 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1510.60918.

## **11.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN FINANCEIRA DE COLOCACIÓN DE EXCEDENTES DE TESOURERÍA**

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 22 de marzo ás 14:00 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

### **“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN FINANCEIRA DE COLOCACIÓN DE EXCEDENTES DE TESOURERÍA”**

En Moaña, a 22 de marzo de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 14:00 horas, constitúese a Mesa de Contratación constituída para a avaliación de ofertas na licitación dunha operación financeira de colocación de excedentes de Tesourería, integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, e. Dña Marta Comesaña Piñeiro, tesoureira Municipal, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor Municipal e D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, como Vocais. Está tamén presente, D. Arturo González Pérez, Concelleiro de Facenda. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración do informe da Tesourería Municipal sobre as ofertas presentadas. Á vista do informe do técnico municipal de data 22 de marzo de 2010 que se recolle a continuación:

“INFORME DA TESOURERÍA.

REF.-53/2010.

Marta Comesaña Piñeiro, funcionaria con habilitación de carácter nacional, Intervención-Tesourería, categoría de entrada(NRP 3614255035 A3014), Tesoureira do Concello de Moaña, vistas as ofertas presentadas no procedemento de contratación dunha operación financeira de colocación de excedentes de tesourería, emito o seguinte informe.

ASUNTO:VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN FINANCEIRA DE COLOCACIÓN DE EXCEDENTES DE TESOURERÍA.

#### ANTECEDENTES

Reunida a mesa de contratación o 22 de marzo de 2010, unha vez abertas as proposicións económicas admitidas, trasládanse as ofertas a valoración técnica por parte da Tesourería Municipal.

#### INFORME.

Con anterioridade á valoración das ofertas presentadas cómpre facer as seguintes aclaracións:

1.-A totalidade das entidades financieras, a excepción de Banesto e o Banco Gallego, concretan o tipo de xuro ofertado como TXN (tipo de xuro nominal) ou TAE (taxa anual equivalente), polo que foi preciso contactar telefónicamente coas entidades indicadas a efectos de obter a información precisa para a correcta valoración das ofertas. Banesto concreta a súa oferta do 2% como xuro nominal anual e o Banco Gallego a súa do 3% como TAE.

2.-Dado que unicamente o Banco Gallego e a CAM presentan a súa oferta en TAE, tense operado a conversión dos xuros ofertados por estas entidades en TXN. O 3% TAE da oferta do Banco Gallego equivale a uns xuros nominais anuais do 2,967% e o TAE do 3,75% ofertado pola CAM equivale a un xuro nominal anual do 3,69%.

4.-Consonte ó establecido nas bases reguladoras da contratación:

"A adjudicación do contrato efectuarase ó licitador que realice a oferta máis vantaxosa de acordo coa valoración resultante dos seguintes parámetros, sobre un máximo de 10 puntos:

Maior tipo de xuros ofertado: 8 puntos

Menor período de liquidación de xuros: 2 puntos

Corresponderá a máxima puntuación en cada apartado ó maior valor ofertado nos diferentes criterios, outorgando a puntuación proporcionalmente ás restantes mediante unha regra de tres simple directa".

Considerados os cálculos antecedentes e, por aplicación dos criterios de valoración expostos, obtense o seguinte resultado:

TOTAL	OFERTA		PUNTUACIÓN		
	PUNTOS	ENTIDADE XURO OFERTADO	PERIODO LIQUIDACIÓN	XURO	PERIODO LIQUIDACIÓN
		(TXN.%)			
CAM	3,69	1 mes	8	1	9
BANCO PASTOR	2,00	1 mes	4,34	1	5,34
CAIXA GALICIA	3,00	1 mes	6,50	1	7,50
CAIXANOVA	2,05	15 días	4,44	2	6,44
BANCO GALLEGO	2,967	trimestre	6,43	0,33	6,76
BANESTO	2,00	trimestre	4,34	0,33	4,67

A Mesa, á vista do informe, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato á entidade CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRANEO, atendendo ao disposto na cláusula 7ª das bases de licitación, cas seguintes condicións recollidas na oferta presentada:

Tipo de operación ofertado.- Depósito a prazo fixo.  
 Prazo.- 12 meses.  
 Tipo de xuro.- 3,75% TAE.  
 Período de liquidación de xuros: Mensuais.

O Sr. González pide que conste en acta a súa disconformidade ca proposta por ser unha conta a prazo e non unha conta corrente, non dispor a citade entidade de sucursal en Moaña e porque o funcionamento da anterior imposición foi malo.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 14,15 horas.”

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar o contrato de instrumento financeiro para a rendabilización de excedente temporal de tesourería ligado ao Fondo Estatal de Inversión Local á entidade CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRANEO, cas seguintes condicións recollidas na oferta presentada:

Tipo de operación ofertado.- Depósito a prazo fixo.  
 Prazo.- 12 meses.  
 Tipo de xuro.- 3,75% TAE.  
 Período de liquidación de xuros: Mensuais.

SEGUNDO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de dous días hábiles dende a notificación da adxudicación, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e entidades que concorreron á licitación.

## **12.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “CONSTRUCCIÓN DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA”**

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 da obra: “Construcción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do concello de Moaña” proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Forestal, D. César Gómez Liste e aprobado por Resolución da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto ao documento inicialmente aprobado coma proxecto técnico, respecto da aprobación dos proxectos de obra, cualificación do contrato coma contrato de obras por consideralo coma de subministro, e ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 22 de marzo de 2010, por entender xustificada a tramitación do expediente coma contrato de obra, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato: Informe Xeotécnico ou declaración da súa innecesariedade e plan de traballo, planos de conxunto e de detalle da obra, estudo básico de seguridade e saúde e acta de replanteo do proxecto. Entende a Xunta de Goberno que é competente para a aprobación do proxecto por figurar incorporada aos Orzamentos previsión logo da modificación de crédito aprobada.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Construcción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do concello de Moaña” redactado polo Enxeñeiro Técnico Forestal, D. César Gómez Liste e aprobado por Resolución da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

HPC IBÉRICA S.A.

CONSTRAULA S.L.

ARANCHABALY S.L.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 3420.62800 do orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Servizos, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino responsable do contrato.

### **13.- ADHESIÓN AO MANIFESTO DA PLATAFORMA POLA SANIDADE PÚBLICA**

Vista a solicitude de adhesión ao manifesto da Plataforma pola Sanidade Pública, promovida a instancias do BNG, PSOE e INMO, cuxo texto di:

#### MANIFESTO A PROL DO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE VIGO

A atención hospitalaria para os máis de 600.000 habitantes que viven na Área Sanitaria de Vigo comezou a ser deficitaria nos anos 80 cando, coa inauguración do Hospital do Meixoeiro, constatouse que este xa era insuficiente para atender a toda a poboación que non podía ser atendida no Hospital Xeral.

Dende entón os partidos políticos, sindicatos, asociacións veciñais e colectivos integrados na Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública iniciamos a demanda dun Novo Gran Hospital para a Área Sanitaria de Vigo, que rematase coa dispersión da atención en catro centros (un deles privado) con recursos insuficientes e que non daban resposta ás necesidades da poboación dunha das zonas máis puxantes tanto social como economicamente de toda Galiza.

Despois de moitos avatares o anterior goberno da Xunta de Galiza deu os pasos necesarios para dar satisfacción a esa demanda de toda a cidadanía e asumiu a construción do Novo Hospital, realizándose o proxecto arquitectónico e consensuando con todos os colectivos e profesionais un plan funcional para a posta en marcha do Novo Gran Hospital.

Esta nova infraestrutura sanitaria ía contar con 1.465 camas, o que permitía atender a toda a poboación da área, incorporaba recursos de alta tecnoloxía sanitaria como centro investigador e ía a ser centro de referencia para patoloxías como o cancro. Este hospital evidentemente era público e os cartos para o seu financiamento estaban na Sociedade Publica de Investimentos (SPI).

Fálase de financiamento e xestións privadas, de redución de camas, de modelo multihospital, de varias portas de urxencias, de manter concerto singular con POVISA, pero en ningún momento se fala de Hospital de referencia, con altas prestacións, onde sexa atendida toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo.

Desde O Morrazo, como unha das zonas afectadas por esta situación, máis aínda cando o noso hospital de referencia é privado, instamos á Xunta de Galiza que a financiación do novo Hospital de Vigo sexa totalmente pública. Ademais, o número de camas debe manterse no previsto polo anterior goberno, para atender a toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo.

Este novo Hospital debe estar dotado de todos os servizos, mantendo o seu carácter estratéxico e a dotación prevista para a unidade de investigación. Ademais, debe configurarse como hospital oncolóxico de referencia para todo o sur de Galiza.

Deste xeito, queremos manifestar o noso apoio a todas as accións que está a desenvolver a plataforma para a defensa da sanidade pública e a mobilización que hai prevista para o 25 de marzo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, adhírese ao manifesto da Plataforma pola Sanidade Pública.

#### **14.- PADRÓN DE VADOS 2006.**

**14.A)** A xefa de negociado de taxas do ORAL, por oficio do 8 de marzo de 2010, solicita informe en relación ao recurso presentado por D. José Vázquez Martínez en representación da Comunidade de Propietarios de Avda. de Marín nº 227 referente ás taxas –vado- que figura a nome desa Comunidade de Propietarios co obxecto tributario sito na Avda. de Marín nº 227, vado 106, no que solicita a anulación do recibo da taxa por non ter vado ningún.

Visto que o informe do xefe da policía local do 18 de marzo de 2010 recolle que se comprobou que en dito inmovible non hai placa de vado permanente,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** anular o recibo emitido correspondente ao vado nº 106 da Avda. de Marín 227, Moaña, cuxo suxeito pasivo é a Comunidade de Propietarios da Avda. de Marín, 227, e dalo de baixa do Padrón de vados.

**Segundo:** Trasladarlle o acordo ao ORAL para que proceda á corrección do Padrón de Vados.

**14.B)** A xefa de negociado de taxas do ORAL, por oficio do 15 de marzo de 2010, solicita informe en relación ao recurso presentado por EIROA GALLEGO, S.L. referente a un recibo de taxas –vado- co obxecto tributario sito na rúa Ramón Cabanillas, 16, vado 19, no que solicita a emisión dun novo recibo a nome de Eiroa Gallego, S.L., por estar os datos do titular erróneos. Achega fotocopia do CIF.

Visto que o informe do xefe da policía local do 18 de marzo de 2010 recolle que se comprobou que no inmovible sito na r/ Ramón Cabanillas, 16, existe unha placa de vado permanente co nº de licenza 19.

Comprobado que nos recibos polo vado nº 19 do exercicio 2006 o suxeito pasivo é García Eirda (Hotel Rest. Prado Viejo),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** modificar o padrón de vados atribuíndolle o vado nº 19 da rúa Ramón Cabanillas, 16 a EIROA GALLEGO, S.L., e xirarlle un novo recibo correspondente á anualidade de 2006.

**Segundo:** Trasladarlle o acordo ao ORAL para que proceda á corrección do Padrón de Vados.

**14.C)** A xefa de negociado de taxas do ORAL, por oficio do 8 de marzo de 2010, solicita informe en relación ao recurso presentado por D<sup>a</sup> Ines Bernárdez Lorenzo referente ás taxas –vado- que figura a nome de D.<sup>a</sup> Marta Alonso Bermúdez co obxecto tributario sito no Calexón Tras do Con, 1, vado 214, no que solicita a anulación dos

recibos que figuran a nome de Marta Alonso Bermúdez, posto que no seu momento solicitaron a alta a nome de Inés Bernárdez Lorenzo..

Visto que o informe do xefe da policía local do 18 de marzo de 2010 recolle que se comprobou que en dito inmovible hai placa de vado permanente con nº de licenza 214.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** modificar a titular do vado nº 214 pasando a ser D.<sup>a</sup> Inés Bernárdez Lorenzo e que se emitan novos recibos do exercicio 2006 por ese obxecto tributario a nome de D.<sup>a</sup> Inés Bernárdez Lorenzo,

**Segundo:** Trasladarlle o acordo ao ORAL para que proceda á corrección do Padrón de Vados.

**Terceiro:** Trasladar o acordo a Dna. Inés Bernárdez Lorenzo.

**14.D)** D.<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Núñez, por escrito do 5 de marzo de 2010, expón que o 20 de decembro de 2006 solicitou a baixa do padrón de vados do nº 174, sito en Abelendo entre os nº 118 e 120, e como se acaba de poñer ao cobro o padrón de vados de 2006 solicita que se regularice a baixa no padrón de vados a partir de 2007.

Visto que o informe do xefe da policía local do 16 de marzo de 2010 recolle que se comprobou que en dito inmovible hai placa de vado permanente ningunha,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa do padrón de vados ao nº 174 a nome D.<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Núñez, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2007, e que se traslade o acordo ao ORAL.

#### **15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
M. <sup>a</sup> Escarlata Álvarez Costa	Saneamento, uso comercial	A Guía, 214, Restaurante D'Carla.	D. <sup>os</sup> saneamento .....180	Aqualia Arquitecto técnico
María Pérez Couso	Auga uso doméstico	Sixalde, 5 Moaña	D. <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.